

BASES CAMPAMENTO DE NADAL

O Concello do Rosal organiza o Campamento de Nadal co principal obxectivo de conciliar vida familiar e laboral a través de actividades educativas e lúdicas coas que dinamizar o tempo libre tras rematar o período lectivo.

DESTINATARIOS/AS

Este campamento está orientado a nenos e nenas matriculados en 4º, 5º ou 6º de Educación Infantil ou Educación Primaria neste curso escolar con desenvolvemento típico, diversidade funcional ou necesidades específicas de atención educativa que reúnan os seguintes requisitos:

- Empadroados/as no Rosal (comprobarase que os menores inscritos/as están empadroados no concello)
- Non empadroados/as no Rosal pero que o seu pai, nai, titor, titora traballe ou posúa un negocio no Rosal.

No caso de sobrar prazas abrírase para o resto de poboación

DURACIÓN E HORARIO

O campamento desenvolverase os días 26/27/28 e 29 de decembro e 2/3/4 e 5 de xaneiro de 8:45 a 14 :15 horas.

PREZO: 20€. O pago e xustificante do campamento terán que ser presentados como prazo máximo o 20 de decembro tendo que enviar o xustificante de pago ó seguinte enderezo electrónico: tax@orosal.gal indicando no ASUNTO: CAMPAMENTO NADAL e NOME DO NENO/A.

A non xustificación en prazo conlevará perda de praza.

NÚMERO DE PRAZAS E LUGAR DE CELEBRACIÓN

O número de prazas ofertadas son 25 reservándose 2 prazas para nenos que precisen dun apoio específico derivado dalgún tipo de diversidade funcional ou doutra patoloxía.

A actividade desenvolverase en instalacións municipais.

BAREMACIÓN DAS SOLICITUDES

A puntuación por cada unha destas circunstancias, debidamente acreditadas, será a seguinte:

- Por traballo de ambos membros da parella ou titores legais: 2 puntos.
- Por traballo dun dos membros ou titores: 1 punto.
- Por pertencer a familia monoparental: 2 puntos.
- Por pertencer a familia numerosa: 2 puntos.

A máxima puntuación será de 5 puntos.

No caso de iguadade de puntuación entre varias solicitudes, desempatarase tendo en conta a orde de inscrición da solicitude no rexistro.

INSCRICIÓN E DOCUMENTACIÓN

As solicitudes poderán presentarse coa documentación do seguinte xeito:

De forma presencial no Rexistro do Concello do Rosal dende ás 9.00 horas do 6 de novembro ata as 14 horas do día 22 de novembro.

Na Sede Electrónica do Concello do Rosal do 6 ó 22 de novembro.

1. Solicitude participación.
2. Autorización recollida menor.
3. Cuestionario saúde e autonomía persoal. Toda documentación relevante sobre datos médicos (enfermidades, alerxias,...) que sexa precisa coñecer para o bo desenvolvemento da actividade deberá reflexarse no cuestionario.
4. Fotocopia do DNI do pai/nai/titor/titora do/a menor
5. Fotocopia do libro de familia
6. Vida laboral ACTUALIZADA
7. Certificado recoñecemento de discapacidade do participante.
8. No caso de familia monoparental: certificado de monoparentalidade ou libro de familia no que conste un só proxenitor.
9. No caso de familia numerosa, título de familia numerosa

ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS. ASISTENCIA. NORMAS.

O Concello elaborará unha listaxe de adxudicatarios/as das prazas así como unha listaxe de reserva. No caso de renuncia a listaxe irá correndo segundo orde numérica do mesmo xeito que no caso de non presentar xustificante de pago en prazo.

A concesión da praza implica a asistencia a actividade polo que as faltas non xustificadas e reiteradas significarán a perda da mesma.

Os participantes do campamento que non acaten as normas de convivencia, educación e respecto polo material e/ou compañeiros e monitores poderán ser expulsados.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE

